	3. Redacta una síntese sobre o tratamento da loucura a partir de dous textos.			
	4. Presenta casos de ingreso en hospital psiquiátrico en lugar da prisión.			
	5. Fala da aceptación dos enfermos mentais na sociedade e das enfermidade mentais.			

TÍTULO DA UNIDADE DIDÁCTICA 6: L'imagination au pouvoir			
NIVEL	Avanzado C1.2	8 sesións de 120 minutos (marzo/abril)	TEMPORALIZACIÓN
RECURSOS DIDÁCTICOS	Libro de texto e dixital. Fichas metodolóxicas. Documentos auténticos en diferentes soportes (vídeos, emisións radiofónicas, reportaxes, artigos...) Aplicacións educativas. Aula virtual.	Individual e grupos	MODALIDADE DETRABALLO
OBXECTIVOS	1. Analizar un manifesto. 2. Falar dos seus soños e do significado dos soños. 3. Falar do vínculo entre a política, a mocidade e os movementos de protesta social. 4. Fala sobre a realización dos seus soños.		
ACTIVIDADES	CO	Escoita dun documento sobre a interpretación dos soños. Conversa entre dous persoas falando dos seus soños.	
	CE	Lectura dun manifesto.	
	PCOM	Conversa sobre o vínculo entre política, mocidade e os movementos de protesta social. Conversa sobre os seus soños e o significado dos soños.	
	PCEM	Redacción dunha entrada nun foro de opinión sobre a realización dos soños persoais.	

	Léxicos	Gramaticais/Sintáticos	Fonéticos, fonolóxicos e ortotipográficos	Socioculturais e sociolingüísticos
Competencias e contidos	O soño. Homónimos e parónimos.	Os modos verbais.	Características do discurso oral. A entoación da sorpresa.	Críticas da mocidade cara aos políticos franceses. Soños e aspiracións da mocidade. A interpretación dos soños
ATENCIÓN Á DIVERSIDADE	Creación de contidos adaptados ao nivel do alumnado. Uso de recursos e soportes variados que favorecen os diferentes ritmos e estilos de aprendizaxe. Uso de aplicacións e da AV para actividades de reforzo e ampliación.			
A V A L I A C I Ó N	1. Analiza un manifesto.			M Í N I M O S
	2. Fala do vínculo entre a política, a mocidade e os movementos sociais.			
	3. Fala dos seus soños e do significado dos soños.			
	4. Redacta un escrito sobre os seus soños.			

TÍTULO DA UNIDADE DIDÁCTICA 7: Travail, modes d'emploi			
NIVEL	Avanzado C1.2	8 sesións de 120 minutos (/abrilmaio)	TEMPORALIZACIÓN
RECURSOS DIDÁCTICOS	Libro de texto e dixital. Fichas metodolóxicas. Documentos auténticos en diferentes soportes (vídeos, emisións radiofónicas, reportaxes, artigos...) Aplicacións educativas. Aula virtual.	Individual e grupos	MODALIDADE DETRABALLO
OBXECTIVOS	1. Comprender diferentes puntos de vista sobre a renda básica universal. 2. Falar e reflexionar sobre a renda básica universal e as súas consecuencias. 3. Falar da súa visión, experiencia e ambicións acerca do mundo laboral. 4. Falar e reflexionar sobre novos modelos económicos.		
ACTIVIDADES	CO	Escoita dunha emisión radiofónica sobre a uberización. Vídeo explicativo sobre a creación dunha renda básica universal. Vídeo explicativo sobre os novos modelos económicos: a uberización.	
	CE	Lectura dun artigo sobre a renda básica universal.	
	PCOM	Debate sobre a renda básica universal e as súas consecuencias. Debate sobre os novos modelos económicos e a precariedade laboral. Falar da súa visión, experiencia e ambicións acerca do mundo laboral.	
	PCEM	Redacción dunha carta formal sobre a viabilidade ou inviabilidade dunha renda básica universal.	

	Léxicos	Gramaticais/Sintáticos	Fonéticos, fonolóxicos	Socioculturais e sociolingüísticos
Competencias e contidos	O traballo. Os anglicismos. Siglas e acrónimos.	A coherencia do texto (procedementos para evitar as repeticións (sinónimos, pronomes, posesivos, demostrativos...))		A renda básica universal. A uberización. Películas francesas sobre distintos aspectos do mundo laboral. Leis francesas sobre avances no mundo laboral.
ATENCIÓN Á DIVERSIDADE	Creación de contidos adaptados ao nivel do alumnado. Uso de recursos e soportes variados que favorecen os diferentes ritmos e estilos de aprendizaxe. Uso de aplicacións e da AV para actividades de reforzo e ampliación.			
A V A L I A C I Ó N	1. Comprende diferentes puntos de vista sobre a renda básica universal.			M Í N I M O S
	2. Fala e reflexiona sobre a renda básica universal e as súas consecuencias.			
	3. Fala da súa visión, experiencia e ambicións acerca do mundo laboral.			
	4. Fala e reflexiona sobre novos modelos económicos.			

5.9 NIVEL AVANZADO C2

TÍTULO DA UNIDADE DIDÁCTICA 1:				
Dossier 1. Désirs de ville(s)				
NIVEL	Avanzado C2		11 sesións de 120 minutos (setembro-outubro)	
RECURSOS DIDÁCTICOS	Libro/s de texto e caderno do alumnado Fotocopias Audios e vídeos Internet		Individual e grupos	
OBXECTIVOS	<p>1. Realizar unha avaliación inicial do alumnado</p> <p>2. Detectar se algún estudante non está en disposición de empregar ferramentas informáticas no caso de ter que recorrer ao ensino mixto ou telemático</p> <p>3. Iniciar ao alumnado ao acceso á aula virtual Moodle: creación dunha conta, descargar contido.</p> <p>4. Establecer as canles de comunicación para o envío de tarefas e correccións de acordo coas necesidades específicas do alumnado.</p> <p>5. Presentar un informe oral.</p> <p>6. Identificar as ideas principais e secundarias dun documento.</p> <p>7. Dar a súa opinión sobre a vivenda compartida</p> <p>8. Dar recomendacións.</p> <p>9. Describir as cidades de mañá.</p>			
OBXECTIVOS ESPECÍFICOS	<p>Vivenda, fogar e contorna: tipos de hábitat, a organización urbana, a localización no espazo, a construción, compra e alugueiro, equipamento, decoración e mantemento, a contorna sociocultural, física e económica...</p> <p>Xeografía, natureza e medio rural: accidentes xeográficos, movementos migratorios, paisaxe urbana e rural, natureza, ecoloxía e problemas ambientais...</p>			
ACTIVIDADES	CO	Programas de radio		
	CE	Artigos de xornais e revistas		
	PCOM	Describir as cidades do mañá en forma de informe oral.		
	PCEM	Facer recomendacións para mellorar a mobilidade urbana nas cidades.		
Competencias e contidos	Léxicos	Gramaticais/Sintácticos	Fonéticos, fonolóxicos e ortotipográficos	Socioculturais e sociolingüísticos
	Léxico sobre o aloxamento	Repaso dos tempos e modos verbais (indicativo e subxuntivo)	Contar en tempo pasado e garantir a coherencia no discurso	Identificación dos elementos socioculturais presentes nos distintos textos sobre a vivenda.
Léxico sobre os transportes urbanos.	Concordancia do participio pasado		Comparación dos elementos socioculturais franceses e os do seu propio país: as cidades e os seus habitantes; vivenda; ecoloxía urbana	
Léxico sobre a planificación urbanística.	o uso dos tempos pasados e dos marcadores temporais			

ATENCIÓN Á DIVERSIDADE	Creación de contidos adaptados ó nivel do alumnado	
A V A L I A C I Ó N	1. Presenta un informe oral.	M Í N I M O S
	2. Identifica as ideas principais e secundarias dun documento.	
	3. Da a súa opinión sobre a vivenda compartida.	
	4. Da recomendacións.	
	5. Describe as cidades de mañá	

TÍTULO DA UNIDADE DIDÁCTICA 2: Dossier 3. Prenons soin de nous			
NIVEL	Avanzado C2	10 sesións de 120 minutos (outubro - novembro)	TEMPORALIZACIÓN
RECURSOS DIDÁCTICOS	Libro/s de texto e caderno do alumnado Fotocopias Audios e vídeos Internet	Individual e grupos	MODALIDADE DE TRABALLO
OBXECTIVOS	1. Realizar unha avaliación inicial do alumnado 2. Detectar se algún estudante non está en disposición de empregar ferramentas informáticas no caso de ter que recorrer ao ensino mixto ou telemático 3. Iniciar ao alumnado ao acceso á aula virtual Moodle: creación dunha conta, descargar contido. 4. Establecer as canles de comunicación para o envío de tarefas e correccións de acordo coas necesidades específicas do alumnado. 5. Comprender, reformular e reflexionar sobre as dificultades da doazón médica. 6. Informar os resultados dunha investigación científica e explicar un descubrimento científico. 7. Explicar a especificidade dun sistema de estudos e relatar a súa experiencia con problemas vinculados a unha profesión. 8. Presentar e explicar un tema controvertido.		
OBXECTIVOS ESPECÍFICOS	Saúde, cuidados físicos e atención sanitaria: estado de saúde e tratamentos médicos, procedementos cirúrxicos e terapias alternativas, material sanitario, consultas, sistemas sanitarios... Ciencia e tecnoloxía: avances científicos e tecnolóxicos, centros de investigación, ... Educación e actividades académicas: sistema educativo, profesionais da educación, estudos e titulacións, recursos, lexislación e regulamentos, actividades e innovacións, problemas e conflitos, tendencias...		
ACTIVIDADES	CO Podcast ; conferencia ; programa de radio CE Extracto de un artigo de lei ; extracto dunha novela ; artigos de xornais e revistas PCOM Gravar un podcast sobre medicina. Dar unha pequena conferencia sobre un descubrimento científico. PCEM Contar a súa experiencia (escritura creativa).		

	Léxicos	Gramaticais/Sintácticos	Fonéticos, fonolóxicos e ortotipográficos	Socioculturais e sociolingüísticos
Competencias e contidos	Léxico sobre os estudos de medicina Léxico sobre os profesionais sanitarios e asistenciais. Léxico sobre o informe médico Léxico sobre os avances na investigación médica.	Repaso dos tempos e modos verbais (indicativo e subxuntivo) Os pronomes persoais complementos; a súa colocación na frase; os pronomes tónicos. A expresión de causa e consecuencia	A modalización para expresar o seu punto de vista	Identificación dos elementos socioculturais presentes nos distintos textos sobre ciencias e saúde. Comparación dos elementos socioculturais franceses e os do seu propio país: sistema sanitario ; divulgación científica ; doazón de órganos.
ATENCIÓN Á DIVERSIDADE	Creación de contidos adaptados ó nivel do alumnado			
A V A L I A C I Ó N	1. Comprende as dificultades dun percorrido médico.			M Í N I M O S
2. Comprende un programa de radio tratando as especificades dun sistema de estudos.				
3. Reformula e explica os resultados dunha investigación científica.				
4. Presenta una polémica				
5. Redacta para contar a súa experiencia.				

Dossier 5. Dans quel monde vit-on ?

NIVEL	Avanzado C2	10 sesións de 120 minutos (novembro – decembro - xaneiro)	TEMPORALIZACIÓN	
RECURSOS DIDÁCTICOS	Libro/s de texto e caderno do alumno Fotocopias Audios e vídeos Internet	Individual e grupos	MODALIDADE DETRABALLO	
OBXECTIVOS	1. Comprender e explicar a mensaxe dunha canción. 2. Resumir oralmente un discurso. 3. Comprender unha crónica humorística. 4. Comparar estilos de vida en diferentes idades. 5. Distinguir e adaptar rexistros de idiomas.			
OBXECTIVOS ESPECÍFICOS	Relacións persoais e sociais: relacións familiares e de parentesco, relacións de amizade e inimidade, formas de convivencia, ... Cultura e actividades artísticas: música e danza, pintura e escultura, estilos e correntes artísticas, tendencias de vangarda, literatura, ... Goberno, política e sociedade: estrutura administrativa, organismos e servizos públicos, organizacións sociais, políticas e profesionais, conflitos e movementos sociais, xustiza, modas e tendencias sociais...			
ACTIVIDADES	CO	Videoclip ; Discurso político ; crónica radiofónica ; sketch dun youtuber		
	CE	Infografía ; obituario ; poema ; retrato dun ilustrador		
	PCOM	Explicar a mensaxe dunha canción comprometida Comparar os modos de vida de dúas xeracións		
	PCEM	Redactar a biografía de unha persoa comprometida		
Competencias e contidos	Léxicos	Gramaticais/Sintácticos	Fonéticos, fonolóxicos e ortotipográficos	Socioculturais e sociolingüísticos
	<ul style="list-style-type: none"> - Léxico sobre as desigualdades . - Léxico sobre as idades da vida. - Léxico sobre compromiso e loita. 	<ul style="list-style-type: none"> Os adxectivos : lugar y concordancia. A expresión da comparación. Os complementos circunstanciais. 	<ul style="list-style-type: none"> Os rexistros lingüísticos: marcando situacións de enunciación 	<ul style="list-style-type: none"> Descubrimento da francofonía a través da canción – o “slam”. O “verlan” e a lingua dos novos. O feminismo en Francia
ATENCIÓN Á DIVERSIDADE	Creación de contidos adaptados ó nivel do alumnado			
AVALIACIÓN	1. Comprende e explica a mensaxe dunha canción.			MÍNIMOS
	2. Resume oralmente un discurso			
	3. Comprende unha crónica humorística.			
	4. Compara estilos de vida en diferentes idades.			
	5. Distingue e adapta rexistros de idiomas.			

TÍTULO DA UNIDADE DIDÁCTICA 4:
Dossier 8. D'innombrables langues
françaises

NIVEL	Avanzado C2		10 sesións de 120 minutos (xaneiro-febreiro)	TEMPORALIZACIÓN
RECURSOS DIDÁCTICOS	Libro/s de texto e caderno do alumno Fotocopias Audios e vídeos Internet		Individual e grupos	MODALIDADE DE TRABALO
OBXECTIVOS	1. Reaccionar sobre os préstamos da lingua francesa. 2. Definir a súa representación da lingua francesa. 3. Analizar e redactar unha carta aberta. 4. Comprender cuestións relacionadas co mundo francófono. 5. Analizar e comparar dous extractos literarios. 6. Comentar as opcións de escritura. 7. Redactar e pronunciar un discurso para un concurso de oratoria.			
OBXECTIVOS ESPECÍFICOS	Relacións persoais e sociais: agrupamentos e interaccións humanas, asociación, ... Cultura e actividades artísticas: estilos e correntes artísticas, literatura, fotografía, cine e teatro, ...			
ACTIVIDADES	CO	Programa radiofónico ; entrevistas ; extracto dunha película		
	CE	Artigo ; carta aberta ; extractos de novelas ; ensaio		
	PCOM	Comentar as opcións de escritura. Organizar un concurso de oratoria.		
	PCEM	Redacción dun artigo sobre a súa representación da lingua francesa. Redacción dunha carta aberta para denunciar un problema.		
Competencias e contidos	Léxicos	Gramaticais/Sintácticos	Fonéticos, fonolóxicos e ortotipográficos	Socioculturais e sociolingüísticos
	Léxico sobre a expresión literaria Léxico sobre as linguas e o mundo francófono. Léxico sobre a comunicación oral.	O xerundio, participio presente a adxectivo verbal. A expresión da hipóteses : as estruturas con <i>si</i> .	Escoller as súas palabras con coidado para acurtar frases e condensar ideas.	A lingua francesa : reformas da lingua francesa ; a feminización dos nomes de profesión (títulos, graos e funcións) A literatura francófona
ATENCIÓN Á DIVERSIDADE	Creación de contidos adaptados ó nivel do alumnado			

A V A L I A C I Ó N	1. Reacciona sobre os préstamos da lingua francesa.	M Í N I M O S
	2. Define a súa representación da lingua francesa.	
	3. Analiza e redacta unha carta aberta.	
	4. Comprende cuestións relacionadas co mundo francófono.	
	5. Analiza e compara dous extractos literarios.	
	6. Comenta as opcións de escritura.	
	7. Redactar e pronunciar un discurso para un concurso de oratoria.	

TÍTULO DA UNIDADE DIDÁCTICA 5: Dossier 9. Ère numérique			
NIVEL	Avanzado C2	10 sesións de 120 minutos (marzo - abril)	TEMPORALIZACIÓN
RECURSOS DIDÁCTICOS	Libro/s de texto e caderno do alumno Fotocopias Audios e vídeos Internet	Individual e grupos	MODALIDADE DE TRABAJO
OBXECTIVOS	1. Debater sobre o impacto das redes sociais na literatura. 2. Adaptar un discurso a un público. 3. Dar consellos. 4. Comprender o proceso dos <i>fake news</i> . 5. Deducir un punto de vista dun orador sobre a evolución das tecnoloxías.		
OBXECTIVOS ESPECÍFICOS	Ciencia e tecnoloxía: avances científicos e tecnolóxicos, centros de investigación, ... Información e medios de comunicación: prensa, radio e televisión, Internet, publicidade e redes sociais...		
ACTIVIDADES	CO	Debate (programa) ; audio educativo ; vídeo ; podcast	
	CE	Artigos ; tweets ; campaña de prevención ; ilustración (de prensa)	
	PCOM	Debater sobre un tema social	
	PCEM	Redactar un artigo para expresar un paradoxo.	

	Léxicos	Gramaticais/Sintácticos	Fonéticos, fonolóxicos e ortotipográficos	Socioculturais e sociolingüísticos
Competencias e contidos	Léxico de Internet e as redes sociais.	O discurso indirecto en pasado.	Explicar un concepto difícil	Os medios de comunicacións franceses Comparación dos elementos socioculturais franceses e os do seu propio país.
	Léxico sobre a cyberseguridade.	A expresión do propósito. O “ne explétif”		
	Léxico sobre a desinformación.			
	Léxico sobre o transhumnismo.			
ATENCIÓN Á DIVERSIDADE	Creación de contidos adaptados ó nivel do alumnado			
A V A L I A C I Ó N	1. Debate sobre o impacto das redes sociais na literatura.			M Í N I M O S
	2. Adapta un discurso a un público			
	3. Da consellos			
	4. Comprende o proceso dos <i>fake news</i> .			
	5. Deduce un punto de vista dun orador sobre a evolución das tecnoloxías			

TÍTULO DA UNIDADE DIDÁCTICA 6:			
Dossier 11. Interculturel			
NIVEL	Avanzado C2	11 sesións de 120 minutos (abril-maio)	TEMPORALIZACIÓN
RECURSOS DIDÁCTICOS	Libro/s de texto e caderno do alumno Fotocopias Audios e vídeos Internet	Individual e grupos	MODALIDADE DE TRABALLO
OBXECTIVOS	1. Expresar implicitamente unha posición. 2. Determinar as características do humor. 3. Presentar e explicar unha escena cómica. 4. Interrogarse e debater sobre a noción de apropiación cultural. 5. Explicar diferenciais culturais. 6. Contar una experiencia detallada en pasado.		
OBXECTIVOS ESPECÍFICOS	Cultura e actividades artísticas: música e danza, arquitectura, pintura e escultura, estilos e correntes artísticas, tendencias de vangarda, literatura, fotografía, cine e teatro, novas manifestacións artísticas, artesanía... Bens e servizos: inmobles, bens e servizos públicos e privados, individuais e colectivos, propiedade intelectual... Compras e actividades comerciais: actividades de compra, venda e subrogación, rede bancaria, divisas e formas de pagamento...		

ACTIVIDADES	CO	Retrato ; programa radiofónico e sketch (extracto) ; testemuños ; entrevista			
	CE	Artigos ; articulo de lei ; autobiografía ; novela autobiográfica (extractos)			
	PCOM	Explicar os elementos cómicos dunha escena. Debater sobre un tema polémico. Contar unha experiencia intercultural.			
	PCEM	Redactar un articulo para expresar implicitamente a súa posición sobre unha iniciativa cultural.			
Competencias e contidos	Léxicos	Gramaticais/Sintácticos	Fonéticos, fonolóxicos e ortotipográficos	Socioculturais e sociolingüísticos	
	Léxico sobre o aceso á cultura. Léxico sobre o humor e a comedia. Léxico sobre a cultura e a identidade. Léxico sobre a experiencia cultural.	A expresión do tempo : as conxuncións de subordinación. O subxuntivo : usos particulares . A puntuación.	Entender o humor : xogos de palabras	Identificación dos elementos socioculturais presentes nos distintos textos. Comparación dos elementos socioculturais franceses e os do seu propio país	
ATENCIÓN Á DIVERSIDADE	Creación de contidos adaptados ó nivel do alumnado				
A V A L I A C I Ó N	1. Expressa implicitamente unha posición.				M Í N I M O S
	2. Determina as características do humor.				
	3. Presenta e explica unha escena cómica.				
	4. Se interroga e debate sobre a noción de apropiación cultural.				
	5. Explica diferenciais culturais.				
	6. Conta una experiencia detallada en pasado.				

6. METODOLOXÍA

Esta PD incorpora as aprendizaxes imprescindibles non adquiridas no curso anterior, así como a previsión dunha transición posible ao ensino non presencial, se esta fose necesaria.

Para a elaboración da PD e seguindo as directrices establecidas na CCP, consideramos os seguintes criterios:

- Análise e valoración das aprendizaxes imprescindibles que se impartiron e das que non se impartiron no curso 2023/2024.
- Análise e valoración dos resultados da avaliación inicial de materia coa finalidade de detectar as carencias e necesidades do noso alumnado.
- Incorporación das aprendizaxes non adquiridas á programación do novo curso escolar.

As actividades educativas deseñadas terán un carácter eminentemente práctico e potenciarán a práctica das cinco destrezas e o proceso de avaliación continua.

6.2. RECURSOS

6.2.1. Libros de texto e materiais recomendados para o curso 2024-2025

EOI DE PONTEVEDRA LIBROS DE TEXTO – FRANCÉS CURSO 2023-24	
Nivel A1: Inspire 1 <i>Version Espagne</i>	
	ED. HACHETTE Livre: ISBN → 978-2-01-513584-7 Cahier d'activités ISBN → 978-2-01-513584-7 ⚠ Consultar ao comezo do curso co-a profesor-a antes de mercar o caderno de exercicios.
Nivel A2: Inspire 2 <i>Version Espagne</i>	
	ED. HACHETTE Livre: ISBN → 978-2-01-711458-1 Cahier d'activités ISBN → 978-2-01-711460-4
A1-A2: nova implantación.	
	ED. CLE INTERNATIONAL Livre ISBN → 978-209-035812-4 Cahier d'activités ISBN → 978-2-09-035813-1
Nivel B1: Inspire 3 <i>Version Espagne</i>	
	ED. HACHETTE Livre: ISBN → 978-2-01-713351-3 Cahier d'activités: ISBN → 978-2-01-713352-0 ⚠ Consultar ao comezo do curso co-a profesor-a antes de mercar o caderno de exercicios.
Nivel B2.1: ÉDITO B2 libro e caderno de exercicios <i>NOVA VERSIÓN</i>	
	ED. DIDIER ÉDITO B2 Livre ISBN → 978-8490498156 (2022) ⚠ Consultar ao comezo do curso co-a profesor-a antes de mercar o caderno de exercicios.
Nivel B2.2: ÉDITO B2 libro e caderno de exercicios. Versión utilizada no curso 23-24	
	ED. DIDIER ÉDITO B2 Livre ISBN → 978-84-9049-205-5 ⚠ Consultar ao comezo do curso co-a profesor-a antes de mercar o caderno de exercicios.
Nivel C1.1: ÉDITO C1. LIBRO	
	ED. DIDIER ÉDITO C1 Livre ISBN → 978-84-9049-286-4
Nivel C1.2 ÉDITO C1: LIBRO	
	ED. DIDIER ÉDITO C1 Livre ISBN → 978-84-9049-286-4
	ED. HACHETTE ILICO 5 Livre. ISBN → 978-2-01-711461-1 Cahier d'activités: ISBN → 978-2-01-711462-8 ⚠ Consultar ao comezo do curso co-a profesor-a antes de mercar o caderno de exercicios.

Material complementario recomendado:

- *La grammaire progressive du français*. Ed, CLÉ INTERNATIONAL (niveau débutant, intermédiaire, avancé ou perfectionnement)
- *Vocabulaire progressif du français*. Ed, CLÉ INTERNATIONAL (niveau débutant, intermédiaire, avancé ou perfectionnement)
- *Communication progressive du français*. Ed, CLÉ INTERNATIONAL (niveau débutant, intermédiaire, avancé)
- *Finies les fautes : les 101 règles de grammaire, d'orthographe, de conjugaison et de vocabulaire que vous n'oublierez plus jamais* /Ed: MAITRESS ADELINE. por Dupuy, Adeline.
- *Focus.La grammaire*. Ed. HACHETTE (tous les niveaux dans le même volume)
- *Focus. Paroles en situation*. Ed. HACHETTE (tous les niveaux dans le même volume)
- *Réussir le Dalf. Niveau C1 et C2 du cadre européen commun de référence*. DIDIER.
- *Le DALF 100% réussite* . DIDIER
- *Émotions- Sentiments. Nouvelle approche lexicale du FLE*. PUG.
- *La grammaire des premiers temps*. PUG. Flem.
- *Je pratique. Exercices de grammaire de Cadre européen*. Didier.
- *Compréhension orale et écrite*. CLE International
- *Expression orale et écrite*. CLE International.
- *Phonétique progressive du français*. CLE International.

Ademais dos libros de texto, no departamento e na biblioteca do centro existe material variado que permitirá traballar distintos aspectos como o vocabulario, a gramática –mediante actividades de reforzo-, a fonética, así como as catro competencias principais – a comprensión e a expresión tanto oral coma escrita. Contamos tamén con materiais fotocopiáveis que conteñen exercicios de mediación, e diversos materiais como xogos ou libros de civilización sobre diferentes aspectos sociolingüísticos do mundo francófono que poderán ser explotados coa colaboración da auxiliar de conversa.

6.2.2. Recursos dispoñibles na rede

Internet e o desenvolvemento das novas tecnoloxías (TIC) ofrecen á pedagogía das linguas estranxeiras no marco docente novas perspectivas de ensino e aprendizaxe, mesmo se a utilización das devanditas tecnoloxías segue sendo, polo momento, complementaria a outros recursos máis tradicionais.

Non é soamente unha expresión en voga senón tamén unha realidade que o profesor debe ter en conta se quere adaptar a súa metodoloxía aos centros de interese dos alumnos. As Tecnoloxías da Información e da Comunicación rodéannos e parecen un bo medio para atraer a atención ou motivar un público desexoso de novidades. O uso das TIC permite unha maior autonomía na aprendizaxe, pois cada un pode traballar máis facilmente ao seu propio ritmo.

Por outra banda, Internet é unha rede mundial de comunicación e de apertura que o profesor pode aproveitar como fonte de documentación para as súas clases: xornais, sitios culturais, turísticos, etc. As posibilidades son infinitas.

As páxinas de Internet constitúen un recurso de gran interese para determinados contidos previamente seleccionados. Pódese recorrer a Internet para realizar pequenos traballos de procura relacionados con algún dos temas da unidade, así como a visita de páxinas culturais en francés consideradas dentro do ámbito de intereses dos alumnos.

6.2.3 Recursos humanos

Neste presente curso académico 2024-2025, contaremos no centro con 9 profesores dentro da sección de francés da escola oficial de linguas: sete na sede de Pontevedra e dúas na sección de Lalín. Ademais, este curso contaremos novamente coa asistente de linguas Maxime Jaly.

6.2.4. Biblioteca.

A biblioteca do centro pon a disposición do alumnado outros recursos que posibilitan a aprendizaxe: fondos bibliográficos (libros de lectura, dicionarios, libros de consulta, prensa...), equipamentos multimedia que facilitan a autoaprendizaxe mediante o acceso ás distintas culturas das linguas estranxeiras.

6.3. Actividades extraescolares.

O departamento participa nas actividades comúns organizadas pola escola así como nas actividades propostas polo propio departamento. Este curso prevese unha presentación-conferencia e outras actividades coma rutas guiadas, concursos de fotos e microrrelatos.

7. ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

As Escolas Oficiais de Idiomas son lugares para a adquisición e a creación de coñecemento de linguas e culturas, accesibles a todo tipo de aprendiz e nos que se potencia a capacidade de aprendizaxe autónoma do alumnado para que este poida ser activo, participativo e capaz de crear coñecemento adecuado tanto aos seus propios intereses como ao seu perfil.

Neste contexto, cabe sinalar que dentro do noso alumnado nos atopamos coa diversidade que só require de medidas ordinarias de adaptación dentro da aula (idade, orixe, distintos ritmos de aprendizaxe, motivacións, habilidades, coñecemento lingüístico, nivel educativo, etc.); e tamén, aínda que en menor medida, con necesidades especiais de apoio educativo, que necesitan medidas extraordinarias tanto dentro da aula como para as probas.

Prestarase especial atención ao alumnado con necesidades específicas de apoio educativo e ao alumnado que tivese dificultades derivadas da fenda dixital, sen presuízo do desenvolvemento doutras medidas de atención á diversidade que se poidan establecer.

No relativo á diversidade dentro da aula, os casos máis frecuentes dentro das EOIs son diferencias de:

- **Idade** –desde alumnado con 14 anos ata persoas maiores de 60–.
- **Formación** –desde os que teñen ou están facendo estudos universitarios ata os que soamente estiveron escolarizados no ensino obrigatorio.
- **Perfis lingüísticos** –desde persoas monolingües a persoas plurilingües, con graos de dominio diversos en diversas linguas, etc
- **Capacidades**, que poden requirir só medidas ordinarias ou chegar a presentar necesidades específicas que requiran medidas extraordinarias. Este punto engloba tamén ó alumnado con altas capacidades ou con altas capacidades para a aprendizaxe de linguas.

A identificación das distintas necesidades do grupo ten lugar por parte do profesorado durante os primeiros días de clase, tanto a través das actividades iniciais de toma de contacto como tamén a través da avaliación inicial ou de diagnóstico.

Por outra parte, a identificación das necesidades específicas de apoio educativo máis frecuentes nas EOIs están relacionadas coa diversidade funcional de tipo motórico, auditivo e visual. Para a identificación destas necesidades, o profesorado de cada grupo pode decatarse desta necesidade e informar ó alumnado do seu dereito á adaptación tanto dentro da aula como para as probas pero, no caso de precisar tal adaptación haberá un prazo no que o alumnado debe solicitar as adaptacións presentando os informes e documentación pertinentes que acrediten esa necesidade. A función do profesorado neste caso sería a de informar desta posibilidade e adaptar despois a actividade de aula e, de ser o caso, as probas, seguindo as recomendacións do equipo de orientación de necesidades específicas da consellería.

No caso de termos alumnado con este tipo de dificultades específicas, aplicarase o establecido no punto 2 da Disposición adicional Cuarta do Decreto 191/2007:

“2. A Consellería de Educación e Ordenación Universitaria deberá adoptar as medidas oportunas para a adaptación do currículo ás necesidades do alumnado con discapacidade. En todo caso, estas adaptacións deberán respectar no esencial os obxectivos fixados neste decreto.”

Como medida ordinaria de atención á diversidade, o profesorado pode adaptar os materiais empregados para traballar os contidos dentro da aula e mesmo a secuenciación de contidos, acelerándoa ou ralentizándoa puntualmente para adaptala ó ritmo de aprendizaxe do alumnado. Considérase medida ordinaria posto que a fin de curso se terían impartidos todos os contidos contemplados na programación dentro do tempo previsto na programación.

Por outra parte, e como medida extraordinaria, poderían adaptarse os contidos, previo informe do equipo de orientación específico da consellería, para o alumnado con diversidade funcional severa, tanto dentro da aula como para as probas de progreso, promoción ou certificación, respectando sempre o esencial dos obxectivos fixados para cada curso.

A metodoloxía é fundamental para atender á diversidade. Unha metodoloxía ecléctica, baseada en tarefas e que fomente a autonomía do alumnado pode axudar a adaptarse á diversidade dentro da aula. Estas serán algunhas das medidas ordinarias que o profesorado podería adoptar:

- O traballo por secuencias de tarefas de distinto grao de dificultade e temporalización relacionadas co mesmo obxectivo, de xeito que cada alumno poida escoller o seu propio ritmo e nivel de dificultade.
- A atención individualizada –nas aulas, nas titorías, etc.– que facilite a aprendizaxe por parte do alumnado así como o desenvolvemento dun ritmo de aprendizaxe personalizado e con maior autonomía.
- A formación de grupos de traballo no interior das aulas, fomentando a diversidade dentro deles para enriquecer así o produto da tarefa que van realizar.
- O traballo por proxectos, nos que todos poden contribuír cos seus puntos fortes para a realización do produto final.
- O uso das TIC como ferramenta de autoaprendizaxe, que lle permite ao alumnado determinar o seu propio ritmo e os seus intereses, unha relación cos seus erros menos pública mediante a realización de actividades autocorrixibles, ou a interacción real a través da rede con outros usuarios da lingua.

A maiores, no caso de se precisar medidas extraordinarias debido ás situacións descritas anteriormente ou calquera outra de similar natureza, terase en conta na selección de materiais, actividades propostas e uso de recursos, agrupamentos e mobilidade dentro da aula, etc. baseándose nos principios de igualdade de oportunidades, de non discriminación

8. AVALIACIÓN.

A avaliación das ensinanzas de idiomas de réxime especial ten por obxecto valorar o grao de dominio (en cada unha das destrezas lingüísticas) que posúe o alumnado como usuario dun idioma determinado de forma que permita obter a certificación no idioma correspondente e, se é o caso, a adopción das medidas oportunas para mellorar o proceso de ensino aprendizaxe. Forma parte igualmente do proceso de avaliación das ensinanzas das escolas oficiais de idiomas a valoración da idoneidade das programacións elaboradas polos departamentos didácticos e a eficacia dos métodos e dos materiais e recursos utilizados para o logro dos obxectivos propostos.

O alumnado será avaliado tomando como referencia os obxectivos, as competencias comunicativas e os criterios de avaliación establecidos para os niveis básico A1 e A2, intermedio B1 e B2, avanzado C1 e C2 nos currículos dos idiomas respectivos. A consecución dos obxectivos de cada nivel conducirá á obtención da certificación que corresponda.

A avaliación terá por obxecto cualificar e, de ser o caso, certificar o nivel de competencia comunicativa adquirido polo alumnado como resultado do seu proceso de aprendizaxe. De xeito que o alumnado afrontará este proceso de avaliación nas seguintes modalidades:

- **Avaliación inicial** (ou de diagnóstico).
- Avaliación de progreso*
- **Avaliación de promoción**
- **Avaliación certificadora.**
- **Autoavaliación**

8.1. AVALIACIÓN INICIAL

A avaliación inicial realizarase durante a primeira semana do curso escolar. Este proceso comprenderá as seguintes accións que nos permitan identificar as dificultades do alumnado, así como as súas necesidades de atención educativa:

- a) Avaliación do coñecemento inicial das competencias lingüísticas, sociolingüísticas e pragmáticas do alumnado. Avaliase a través de actividades en distintas destrezas (comprensión de lectura, comprensión oral, expresión oral e expresión escrita), dunha enquisa (tipo Portfolio) e/ou da observación e análise das tarefas realizadas polo alumnado.
- b) Detección das eventuais aprendizaxes imprescindibles non adquiridas no curso 2023-2024.
- c) Coñecemento personalizado do alumnado e da súa situación emocional co fin de tomar decisións profesionais de actuación por parte do profesorado.

8.2. AVALIACIÓN DE PROGRESO

Segundo o disposto na circular de matrícula do 16 de maio de 2023 *Así mesmo, o profesorado levará a cabo a avaliación de progreso mediante a realización de tarefas que lle permitan coñecer o progreso do seu alumnado en cada unha das cinco actividades de lingua. Esta avaliación terá unicamente valor orientativo para o alumnado sobre o seu aproveitamento académico, e servirlle ao profesorado para coñecer o grao de cumprimento no desenvolvemento da programación didáctica.* Porén, esta avaliación será levada a cabo de xeito regular durante todo o período escolar a través das diferentes tarefas e traballos realizados nas aulas. O profesorado poderá facer unha proba modelo baseada na proba de certificación ou promoción do nivel correspondente a finais do mes de xaneiro.

8.3. AVALIACIÓN DE PROMOCIÓN

Nos **cursos non terminais** de nivel A1, B2.1 e C1.1, celebrarase unha proba final de promoción, **elaborada polo coordinador correspondente en colaboración cos profesores que imparten o nivel**, que servirá para determinar se o alumnado foi quen de alcanzar os obxectivos propostos e promocionar ao curso inmediatamente superior. Valorarase o aproveitamento do alumnado, conforme aos criterios e procedementos que, con carácter xeral, estean regulados para todos os centros e para todas as linguas. Esta proba terá lugar no mes de **maio/ xuño** en convocatoria ordinaria e no mes de xuño en convocatoria extraordinaria. Na convocatoria extraordinaria o alumnado só terá que examinarse das destrezas non superadas na convocatoria ordinaria de xuño e terá un valor de 100% para todo o alumnado.

Nos cursos intensivos a proba final de promoción ao finalizar o correspondente cuadrimestre.

O alumnado será avaliado segundo as instrucións que contempla a orde do 19 de abril de 2012 pola que se modifica a Orde do 8 de setembro de 2008 pola que se regula a avaliación e cualificación do alumnado que cursa as ensinanzas especializadas de idiomas de réxime especial que se establecen na Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.

Os criterios de avaliación son os recollidos como criterios mínimos esixibles nesta programación.

8.4. AVALIACIÓN DE CERTIFICACIÓN

As probas terminais de certificación serán comúns para todas as modalidades e réximes de ensinanza en cada escola. Serven para avaliar o grao de consecución dos obxectivos do nivel e lévanse a cabo **nos cursos terminais** de nivel A2, B1, B2.2, C1.2 e C2 para posibilitar ao alumnado o certificado correspondente e permitirlle o acceso directo ás ensinanzas do nivel inmediatamente superior.

No caso da certificación do nivel A2 e B1, os departamentos didácticos serán os encargados de elaborar dita proba seguindo a guía de especificacións para o nivel remitida pola consellería de educación.

As probas correspondentes ao nivel intermedio B2 e avanzado C1 e C2 serán deseñadas, a partir de tarefas redactadas polos departamentos didácticos das distintas escolas, por unha comisión de validación que a Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa designará para tal efecto. Estas probas elaboraranse seguindo o correspondente documento de especificacións e irán acompañadas dos solucionarios correspondentes. A administración, corrección e cualificación das probas será responsabilidade dos departamentos didácticos. As probas administraranse nas sedes das escolas oficiais de idiomas e, se é o caso, nas súas seccións.

8.5. AUTOAVALIACIÓN

A autoavaliación é un instrumento clave no proceso de ensino-aprendizaxe. Autoavaliarse consiste na capacidade do alumnado e do profesorado de xulgar os logros acadados respecto aos obxectivos establecidos. No caso do alumnado, permite desenvolver a capacidade de aprender a aprender, céntrase nos procesos e aumenta a capacidade de ser responsable da propia aprendizaxe. No caso do profesorado, permite adaptar o proceso de ensino-aprendizaxe (materiais, metodoloxía, temporalización etc.) ás necesidades do alumnado e ás súas propias.

Con esta finalidade, a programación debe incluír as directrices para levar a cabo a avaliación da práctica docente. O profesorado avaliará o proceso de ensino e a súa propia práctica docente en relación co logro dos obxectivos e o desenvolvemento das competencias básicas. Para levar a cabo esta avaliación teranse en conta, como mínimo, os seguintes elementos:

- A adecuación dos obxectivos, contidos e criterios de avaliación ás características e ás necesidades do alumnado
- A aprendizaxe lograda polo alumnado
- As medidas de individualización do ensino
- O desenvolvemento da programación (estratexias de ensino, procedementos de avaliación, organización da aula, aproveitamento dos recursos...)
- A idoneidade da metodoloxía e dos materiais curriculares
- As necesidades de actualización do profesorado (didáctica, lingüística, metodolóxica...)
- A coordinación co resto do profesorado

8.6. A AVALIACIÓN NO CURSO 2024-2025

O alumnado será avaliado consonte as instrucións establecidas no apartado IV da [Resolución do 16 de maio de 2024](#), da Dirección Xeral de Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para a **preinscrición, admisión, matrícula e organización académica nas escolas oficiais de idiomas de Galicia no curso **2024/25**.**

Os principios básicos comúns de avaliación aplicables ás probas de certificación oficial dos niveis intermedio B1, intermedio B2, avanzado C1 e avanzado C2 das ensinanzas de idiomas de réxime especial son os establecidos no Real Decreto 1/2019, do 11 de xaneiro.

Os criterios de avaliación son os recollidos como criterios mínimos esixibles nesta programación.

8.6.1. Baremo e cualificación das probas

● **Nivel básico A2.** A proba de certificación terá un valor de 100 puntos, que é o total da suma do valor de cada unha das catro actividades de lingua (25 puntos): comprensión de textos escritos, comprensión de textos orais, produción de textos escritos e produción de textos orais. O alumnado terá que acadar polo menos 15 puntos en cada unha das actividades de lingua para promocionar de curso.

● **Nivel intermedio B1 e B2, avanzado C1 e C2.** A puntuación total da proba será de 125 puntos e cada unha das partes da proba terá un valor de 25 puntos. O alumnado deberá acadar polo menos 12,5 puntos en cada actividade de lingua e, ademais, obter unha puntuación mínima de 65% do total da proba (81,25 puntos)

- A cualificación outorgada ao alumnado será de “Apto” ou “Non apto”. A cualificación “Apto” requirirá a superación da proba nos termos previstos nos apartados anteriores.
- No caso do alumnado que non realice algunha(s) das partes da proba, a cualificación de cada unha destas partes será “Non presentado” e a cualificación final da proba será “Non apto”. No caso de non realizar ningunha das partes da proba, a cualificación final será “Non presentado”.

8.6.2. Reclamacións

Os procedementos para formular reclamacións sobre os resultados finais da avaliación están recollidos ORDE do 19 de abril de 2012 pola que se modifica a Orde do 8 de setembro de 2008 pola que se regula a avaliación e cualificación do alumnado que cursa as ensinanzas especializadas de idiomas de réxime especial que se establecen na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.

O alumnado de todos os réximes e modalidades que estea en desacordo coa súa cualificación nas probas de promoción e certificación, poderá presentar unha reclamación perante a dirección do centro no prazo de tres días hábiles contados a partir do seguinte ao da súa publicación. A reclamación terá que estar baseada nalgún dos seguintes aspectos:

- inadecuación de obxectivos, contidos e criterios de avaliación con respecto ao currículo e á programación do Departamento
- incorrecta aplicación dos instrumentos de avaliación e/ou dos criterios de cualificación das probas

A dirección da escola resolverá nos dous días hábiles seguintes á presentación da reclamación, ratificando ou rectificando a cualificación.

ASINADO:		
ALONSO LORENZO, Alejandra 	BESSON, Audrey 	BIANCHI ROMÁN, Cristina 
GONZÁLEZ LOPO, Santiago 	LUAÑA FONTÁN, José Manuel 	PENEDO LÓPEZ, Teresa 
PINO PONTE, Cristina 	VILA VERGARA, M ^a Milagros 	VILARIÑO MARTÍNEZ, Agustín P.A : DE PEDRO COLAO, Eva 

Pontevedra, 23 de setembro de 2024